

Texto: **JOHN BOYNE**  
 Tradución: **CARLOS ACEVEDO**  
 Deseño de portada: **OLIVER JEFFERS**

Encadernación rústica. Narrativa K  
 224 páxinas. 13,5x20 cm.  
 ISBN 978-84-15250-02-9

Prezo: 14 €

## NOAH BARLEYWATER ESCAPA DA CASA

**Noah Barleywater saíu da casa ben cedo pola mañá, antes de o sol saír, antes de os cans acordaren, antes de o orballo parar de caer sobre os campos.**

**Baixou da cama, vestiuse amodo coa roupa que deixara preparada o día anterior e baixou en silencio polas escaleiras aguantando a respiración. Había tres chanzos que renxían nos puntos onde a madeira non encaixaba ben, de xeito que tivo que pisar con pés de la sobre eles co fin de facer o menor ruído posible...**

Aos seus oito anos, Noah pensa que é máis doado facerlles fronte aos seus problemas se non pensa neles. E por iso escapa da casa. Por un camiño inexplorado a través da fraga. Non tarda en chegar a unha tenda. Pero non se trata dunha tenda normal. É unha tenda de xoguetes cuns increíbles bonecos cargados de maxia. E dentro dela Noah encóntrase cun artesán ben raro; un home que ten unha historia que contar, chea de aventuras, prodixios e promesas rotas. Ese home guiará a Noah nunha viaxe que lle cambiará a vida.

"Noah Barleywater escapa da casa" é un conto de fadas, como o describiu o propio John Boyne, que por primeira vez escribe unha novela non histórica. O autor considerouse "moi afortunado" por contar co seu compatriota Oliver Jeffers (Irlanda, 1977) no deseño gráfico do libro. Jeffers é deseñador, ilustrador e escritor, graduado en Comunicación Visual na Universidade do Ulster. As súas obras exhibíronse en Nova York, Dublín, Londres, Sydney, Washington e Belfast, entre outras cidades de Norteamérica e de Europa. Entre outros galardóns, recibiu os premios Nestlé (2006), Blue Peter da BBC (2006), e Irish Book (2007).

### JOHN BOYNE (Dublín, 1971)

Estudou Literatura Inglesa no Trinity College de Dublín, e Escritura Creativa na Universidade de East Anglia, en Norwich. Ten publicadas sete novelas, entre as que destacan varios best-sellers internacionais, como "Motín na Bounty", editada en galego por FAKTORÍA K, "The house of special purpose" e "O neno do pixama a raías", que foi traducida a máis de corenta dúas linguas. Tres anos despois da súa publicación en galego na colección de narrativa de FAKTORÍA K, xa vai pola súa sétima edición. Esta obra converteuse axiña nun fenómeno editorial ao vender máis de cinco millóns de exemplares en todo o mundo. "O neno do pixama a raías" gañou dous 'Irish Book Award' e foi finalista dos premios 'Borders Original Voices' e 'Ottakar's Children's Book Prize'. Tamén encabezou a lista dos libros máis vendidos do diario The New York Times e foi levada ao cine pola prestixiosa produtora Miramax. Por outro dos seus títulos, "Index on Censorship", John Boyne foi proposto tamén ao Premio Ungari Unicef e á Medalla Carnegie.



- **Temática:** conto de fadas
- **Idade recomendada:** público xuvenil-adulto
- **Aspectos destacables:** do autor de "O neno do pixama a raías" e "Motín na Bounty"; deseño e ilustracións de Oliver Jeffers

